# Lagoa do Maruxento



# #LAGOA DO MARUXENTO o noso maior reto Fase 1ª deseño e permisos 2018

Acordamos construír a lagoa en 2015 antes dos incendios, cun orzamento de 20.000€, procedentes dunha expropiación de terreos para a autovía.
Foi deseñado nun terreo que antes empregábase para plantar vimbios.
O obxectivo: 2.000m2 de lagoa ambiental,
Deseñado en varios niveis para promover a vida de anfibios, plantas, etc.
Pero tamén auga para rego e reserva contra incendios.
Encherase exclusivamente co que chova dentro.
No 2018 despois dos incendios cos cartos da venda da madeira queimada , e cheos de medo e rabia, decidimos ampliar a obra e baleirar por completo o terreo da lagoa, aproveitando os 3000m3 de terra vexetal, para restaurar as feridas das canteiras que noutro tempo cubrían o noso monte.
[Pulsar para ir a Ubicación]



# #LAGOA DO MARUXENTO  Fase 2ª baleirado do oco

A terra vexetal que quitamos do oco , empregámola  para restaurar as antigas canteiras que temos espalladas polo monte e o oco baleiro da lagoa enchémolo cos escombros que recollemos nas canteiras do monte comunal.





# # LAGOA DO MARUXENTO Fase 3ª Relleno y conformado

Tras moitas  dificultades e retrasos, incluído un lume provocado, dunha pa escavadora, os traballos avanzan





# # LAGOA DO MARUXENTO Fase 4ª  colocación do xeo téxtil

Rematados os traballos pesados co custo de construción disparado, acordamos colocar nos mesmos o EPDM e aforramos 15.000€ que nos presupostaba unha empresa por facer eses traballos .

1º cun pequeno grupo de colaboradores, colocamos o xeo téxtil, destinado a protexer la lamina de goma EPDM (apta para auga potable)





O día seguinte.....

# # LAGOA DO MARUXENTO Fase 5ª  colocación do EPDM

.......chegou o  tráballo duro colocar o EPDM as bobinas 4, pesan 300Kg cada unha e son pezas de 15X30m, precisabamos moita xente para poder movelas, calculamos 30 voluntarios e nos momentos mais duros contamos 37 persoas. O rematar  3 horas despois estábamos tan cansados que no fixemos  una foto de todo o grupo.





# # LAGOA DO MARUXENTO Fase 5ª  colocación do EPDM



# # LAGOA DO MARUXENTO Fase 6ª impermeabilización

A seguinte fase consistiu en unir as pezas mediante un vulcanizado en frío una empresa especializada fixo o traballo.





# # LAGOA DO MARUXENTO Fase 7ª  o sustrato fértil

Enchemos 10 Cm de auga para fixar a lamina no fondo, onde no ía  terra (nivel inferior 1) e engadimos unha nova capa de xeo téxtil ante perforacións, sobre a goma (niveles 2 y 3). Sobre esta capa de xeo téxtil vertemos varios tipos de terra cubrindo todo. No nivel superior (onde levará menos auga) a terra vertese de forma moi irregular, con zonas moi altas e outras moi baixas, con iso agardamos favorecer a biodiversidade, tamén colocáronse  pedras a modo de refuxio





# # LAGOA DO MARUXENTO Fase 8ª plantación na lagoa

Por mor dos atrasos acumulados na obra foi imposible rematar antes del verán polo que en 2018 a zona na que tiñamos que plantar estaba sen auga. Ca axuda do inverno la lagoa encheuse e entón puidemos plantar xuncos e lirios de auga para empezar.





# # LAGOA DO MARUXENTO Carteles de prohibición

Xa están construídos  e colocados os paneis de prohibición 3 en concreto  o redor da lagoa.





# # LAGOA DO MARUXENTO  Fixemos un gran panel informativo a dúas  caras:






# Setembro 2020 Construímos unha illa flotante na lagoa: para mellorar a súa habitabilidade





# Setembro 2020 Construímos unha illa flotante na lagoa: para mellorar a súa habitabilidade





Na foto o equipo construtor e uns patos facendo uso da illa  xa  o día seguinte.

# Refugios de fauna en torno a la laguna  junio 2021



Rey Piñeiro o noso colaborador da Asociación Galega para a Conservación da Biodiversidade. Advertiunos da necesidade de construír refuxios arredor da lagoa, para dar acubillo á crecente fauna de anfibios e réptiles que temos na lagoa. Así que puxémonos mans á obra, recollendo pedras das antigas canteiras coas que construír os refuxios, a colocación no lugar fíxose con voluntarios. Fixemos 8 montóns de pedra coma os das imaxes





# A xunta reitora: solicítavos o máximo respecto y coidado do monte comunal

¡Precisamos a vosa axuda. Colabora con nos.
#PLANTEMOSUNBOSQUE!.

*Apúntate 688914370*

*Unha aperta:*

